

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP VELEIRO DOCAMPO  
MATERIAS: MÚSICA PRIMARIA  
DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles MÚSICA 1º

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.
	Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.
	Utiliza xogos para a discriminación auditiva destas calidades.
Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son.	Repite esquemas rítmicos escoitados.
Reproducir esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	Acompaña cancións con fórmulas rítmicas básicas.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles MÚSICA 2º

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto. Utiliza xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.
Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter).	Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.
Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.	Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias
Coñecer e utilizar as posibilidades sonoro musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son.	Repite esquemas rítmicos escoitados.
Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	Interpreta individualmente un pequeno repertorio de cancións sinxelas.
Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz e o corpo.	Le e crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra.

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles MÚSICA 3º

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	Distingue tipos de instrumentos.
	Identifica variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.
Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario mediante a voz ou percusión corporal, utilizando a linguaxe musical.	Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.
Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.	Reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela.
Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.	Describe e da información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles MÚSICA 4º

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	Representa graficamente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.
Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter).	Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.
Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias.	Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.
Coñecer e utilizar as posibilidades sonoro musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son.	Repite esquemas rítmicos escoitados con percusión corporal ou outros obxectos da casa.
Exercitar as vocalizacións e as pronunciacións interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	Interpreta individualmente un pequeno repertorio de cancións sinxelas.
Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz ou co corpo.	Le e crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra.
Realizar pequenas coreografías.	Realiza pequenas coreografías individuais, adecuando o movemento corporal coa música

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles MÚSICA 5º

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.	Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nos sons do contexto.
Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen.	Distingue e clasifica tipos de voces.
	Identifica, clasifica e completa os compases traballados.
Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos.	Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.
	Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (membranófonos, idiófonos e electrófonos).
Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais en solitario, mediante a voz ou obxectos cotiás, utilizando a linguaxe musical	Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras.
	Traduce á linguaxe musical convencional ritmos.
	Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con e sen acompañamento.
Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo, para realizar representacións musicais de xeito lúdico.	Reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria.

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles MÚSICA 6º

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.	Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso.
Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	Distingue tipos de voces, instrumentos, tras a escoita de obras musicais.
Interpretar composicións sinxelas en solitario, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.	Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas, con e sen acompañamento.
Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación.	Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.



<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	Procedementos e instrumentos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Realización das tarefas propostas.</li> <li>- Presentación de traballos de maneira escrita, en audio, vídeo ou foto.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	Terase en conta o progreso xeral do alumno nas dúas avaliacións anteriores e valorando o esforzo e participación na etapa de confinamento, sempre que iso favoreza ao alumno/a.

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Específicas da área de Música.</li> <li>- Globalizadas, as propostas de traballo incluírán competencias de varias áreas</li> <li>- Actividades de repaso, reforzo e ampliación adaptadas ás diferentes capacidades.</li> </ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Activa e dinámica, aínda que maioritariamente a oferta é para participación individual tendo en conta diversas situacións familiares, motívase cara á realización das actividades acompañados e a compartir eses momentos co grupo promovendo así unha motivación grupal. Así mesmo incluír a familia como parte importante no desenvolvemento das actividades musicais.</li> </ul>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Propostas de traballo variadas. As actividades serán consultadas na páxina web do centro na pestana de música, aula virtual e edixgal.</li> <li>- Actividades online.</li> <li>- Recursos online: Blogues do centro, páxina web, redes sociais...</li> </ul>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Correo electrónico</li> <li>- Blogues do centro</li> <li>- Redes sociais</li> <li>- Páxina web</li> </ul>
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.



